



21 de decembro de 2011. Pariron os montes: Medio Rural acaba de facer pública a **proposta de ampliación da Rede Natura 2000**
que a Xunta pretende aprobar en 2012. Do 12% do territorio en RN pasariase ao 15%, moi por baixo da media estatal (28%) e lonxe do 71% de Canarias. Esta proposta é aínda máis cativa que a que **elaborara o bipartito en 2007** (1.57 Mb) , que pretendía chegar até o 18% do país baixo esta figura de protección, na liña da media europea. Así as cousas, e despois que nestes 2 anos a Xunta perpetrara unha política de sistemática demolición da protección da natureza (modificacións lei do solo
,
eliminación de trámites ambientais
,
POL
e
Plano Director da RN
hiperpermisivos) rematando coa Lei de Industria por se quedaba algún territorio que non se puidera asaltar, a Rede Natura deixou de ter sentido como rede ecolóxica e pasou a ser chan barato para a especulación.

Segundo os datos coñecidos até o de agora, convintemente manipulados pola Xunta para tentar apresentar as miserias da proposta ampliación como virtudes (gráficos que reflicten supertificies totais e non porcentaxes
,
comparacións de % entre Galiza e outros estados europeos -incluido España-
e non por comunidades, feito que mesmo podería provocar unha queixa ao Valedor), a proposta apresentada por Juárez só pode cualificarse de
misérrima
.

A realidade é que Galiza, malia a contar cunha das biodiversidades máis ricas de Europa, con representación de hábitats e especies de 4 rexións bioxeográficas no noso territorio (atlántica, mediterránea, alpina e macaronésica) segue a ter a Rede Natura máis cativa de todo o estado (12%), lonxe da media estatal (28%) e mesmo do territorio protexido nas autonomías veciñas: Castela e León, 26% e Asturies, 29%.


Comparación ampliación RN 2007-2011 (porcentaxe de aumento sobre a actual)
Hectáreas
700.000
600.000
500.000
400.000
300.000
200.000
100.000
-
+172%
+112%
+62%
+34%
+35%
+14%
+81%
+39%
+73%
+41%
LIC A Coruña
LIC Lugo
LIC Ourense
LIC Pontevedra
LIC Galiza
RN actual
RN ampliación 2007 (bipartito)
RN ampliación 2011 (PP)